



# Eleccións aos Consellos Escolares dos centros de ensino público do concello de Mugardos

Circular 01  
11 de outubro de 2024

Estimadas familias:

Durante o mes de novembro deste ano procederáse á renovación parcial dos membros do Consello Escolar. Do mesmo xeito que en convocatorias anteriores, este proceso será simultáneo en todos os centro de ensino público do Concello de Mugardos. Estas serán as fases xerais:

DATA	ACTO
18 de outubro	SORTEO público da Xunta Electoral
25 de outubro	Constitución da Xunta Electoral
30 de outubro	Publicación do censo
Ata o 6 de novembro	Período de reclamación ao censo
Do 1 ao 8 de novembro	Admisión de candidatos/as
11 de novembro	SORTEO público da Mesa Electoral
6 de novembro	Claustro informativo
11 de novembro	Publicación de candidatos/as
12 e 13 de novembro	Reclamacións das candidaturas
14 de novembro	Resolución das reclamacións e publicación definitiva
<b>19 de novembro (CEIPs)</b>	<b>VOTACIÓN</b>
<b>20 de novembro (IES)</b>	
25 de novembro	Proclamación dos elixidos e suplentes
5 de decembro	Constitución do novo CE

Desde a dirección dos centros animámosvos a que participades neste proceso tanto como candidatos/as coma electores/as. Lembramos que o Consello Escolar é un órgano fundamental no goberno da nosa vida educativa. Por conseguinte, é moi importante que todos os sectores estean ben representados.

Ao longo das próximas semanas, recibiredes máis información. Para calquera outra consulta, estamos á vosa disposición nos centros.

Un saúdo,

Directora  
CEIP Santiago Apóstolo

M.ª Begoña Bouzo Seco

Director  
CEIP Plurilingüe Unión Mugardesa

Miguel Picado López

Director  
IES de Mugardos

Serafín Álvarez Rodríguez

## «Artigo 127. Competencias do consello escolar.

O consello escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da presente lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexulzo das competencias do claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- c) Conferir as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a presente lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se for o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioria de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director ou directora.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxección ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvran.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e a protección dos dereitos da infancia.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Conferir as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de pais, nais ou titulares legais ou, se for o caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.
- i) Promover, progresivamente, a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- k) Analizar e valorar o funcionamiento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- l) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamiento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueloutros aspectos relacionados coa súa calidade.
- m) Aprobar o proxecto de orzamento do centro.
- n) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.»